

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Excusan a súa asistencia:

D. Alberto Santos Vázquez

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día vintedous de decembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1.) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 13 DE OUTUBRO DE 2014 E 10 DE NOVEMBRO DE 2014. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de data 13 de

outubro de 2014 e 10 de novembro de 2014.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias devanditas.

2.) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde sinalase que a modificación de referencia é puramente técnica e realizase ós efectos do visado por parte da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar do Regulamento Municipal citado.

Enterado, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aprobar inicialmente a modificación do regulamento municipal do Servizo de Axuda no Fogar obrante no expediente e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 1 mes, mediante anuncio a publicar no BOP de Lugo, e no taboleiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e / ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

3.) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO A MELLORA DO SERVIZO DE CORREOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcribe integramente:

Marco López López, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:
MOCIÓN PARA A MELLORA DO SERVIZO DE CORREOS

Exposición de motivos: Dende o ano 2000, en que Correos pasa a constituírse como sociedade anónima, desaparece a Relación de Postos de traballo (RPT) que ten calquera administración. Esta modificación produce efectos demoledores nos cadros de persoal neste servizo de carácter estatal, destruíndose no último lustro entre 13.000 e 14.000 postos de traballo en todo o Estado, segundo as memorias publicadas pola propia empresa. Unha etapa na que o Servizo Estatal de Correos estaba dirixida polo actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, que converteu o que era un servizo público nunha entidade empresarial privada.

Na provincia de Lugo suprimíronse 29 prazas oficialmente, aínda que esta cifra non é real debido a que (a pesar de non desapareceren oficialmente) estas prazas non se cobren con novos profesionais, senón que se producen acumulacións de tarefas no persoal restante. Comparando os censos de persoal na provincia de Lugo, entre persoal funcionario e laboral, destruíronse 121 postos de traballo nos últimos dous anos.

En concreto no noso Concello suprimíronse repartos en Xove e Xuances, e reduciuse persoal na Unidade de Viveiro (2 prazas), oficina da que depende a nosa de Xove. O reparto destes servizos é encargado ao resto de compañeiras. Ademais reducíronse horarios de apertura de oficinas no concello de Xove, pasando a modificarse o horario de atención ao público para quedar fixado entre as 09:00 e as 10:30 horas unicamente, obrigando á poboación a trasladarse ás oficinas principais para moitos envíos e que, no caso do noso municipio, se sitúa a 10 Km., no concello veciño de Viveiro. Todas estas reducións foron practicadas pola empresa entre os anos 2013 e 2014.

O Bloque Nacionalista Galego considera que estamos diante do progresivo desmantelamento do servizo de correos que, desde a súa conversión na actual Sociedade Estatal Correos e Telégrafos de participación público-privada, actúa con ánimo mercantilista, obviando a súa función pública e de cohesión territorial para evitar a marxinación e desatención da poboación, especialmente daquela que vive no medio rural.

Polos motivos expostos, o grupo municipal nacionalista solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1º.- Demandar da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos a recuperación dos servizos existentes no concello de Xove anteriores ás medidas de recorte efectuadas nos últimos dous anos.*
- 2º.- Demandar da Xunta de Galiza as xestións necesarias, diante da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos e o Goberno do Estado, para que no noso concello se proceda a recuperar os servizos anteriores ás medidas de recorte efectuadas no ano 2013 e no actual.*
- 3º.- Trasladar o acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.*

Aberto o debate, polo Sr. López López, explícanse os aspectos máis salientables da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o grupo de goberno está de acordo co contido da moción e na súa consecuencia vai votar favorablemente á súa aprobación.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

4.) ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO DE 2015. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do acordo adoptado pola Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 18 de decembro de 2014, que a seguir se transcribe integramente:

“1º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2015. INFORME.:

Por Secretaría dáse conta á Comisión da Proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

“Tendo sido formado por esta Presidencia o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2.015, cos base nos Orzamentos e Estados de Previsión a que fai referencia o artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez informado pola Interventora Municipal, remítase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas, en unión dos anexos e documentación a que fai referencia o citado artigo 168.4 e o 166 do mesmo texto legal, para a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2015 que ascende, No Estado de Ingresos a 6.326.553 00 € e no estado de Gastos a 6.180.650 € e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria que se une ao expediente.

SEGUNDO. - Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

TERCEIRO. - Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

CUARTO .- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.”

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, e maila Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do proxecto de orzamentos é en especial o que se refire ao anexo de inversións.

Enterada a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, , Abad López e Iglesias Guerreiro, acorda informar favorablemente a aprobación polo Pleno Corporativo da proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

O Sr. López Hermida manifesta que se pronunciará no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do orzamento municipal para o exercicio de 2015, destacando dunha banda que o Concello de Xove segue a ser un referente en toda Galicia no que atinxe ós servizos de carácter social e de promoción do emprego (plan de emprego, servizo de axuda no fogar, axudas ó estudo, subvencións a entidades deportivas e culturais, axudas á gandería, etc.) , e doutra banda que sen prexuízo do estricto cumprimento da regra de gasto, o Concello de Xove segue a manter un importante nivel de inversións reais, tal e como se reflicte no preceptivo anexo incorporado ó expediente.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que ditas inversións aumentaránse ó longo do exercicio na medida que se vaian resolvendo as distintas liñas de subvencións solicitadas, e a evolución da execución presupostaria permitan realizar modificacións de crédito.

Polo Sr. López Hermida manifestase que non é posible opoñerse á aprobación deste orzamento, á vista do nivel de recursos económicos que se destinan a toda clase de servizos e inversións, non obstante engade o Sr. López Hermida que tampouco e posible apoialos, xa que moitas das actuacións previstas no mesmo é dubidoso que poidan ser consideradas como prioritarias e nalgúns casos, nin tan sequera necesarias.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Quelle Franco, e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aprobar o ditame da Comisión Especial de Contas, anteriormente transcrito.

5.) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. López López na representación do Grupo Municipal do BNG, preguntase ó Sr. Alcalde se ten algunha valoración que facer, verbo da crítica situación que están a sufrir os traballadores das plantas de Alcoa de A Coruña e Avilés, lembrando que fai dous anos o Partido Popular, nunha actuación triunfalista e claramente electoralista, declarou a “bombo e platillo “ que o tema do subministro de enerxía eléctrica de Alcoa xa estaba solucionado.

Polo Sr. Alcalde contestase que tamén é necesario lembrar que fai dous anos, como consecuencia da anulación por parte do Tribunal Europeo de Defensa da Competencia da tarifa G-4 que bonificaba o consumo eléctrico daquelas empresas con maiores consumos, a situación era gravísima e de feito provocou o peche inmediato de determinadas plantas de aluminio en Europa, como o caso da de Alcoa en Italia.

Esta situación solucionouse co sistema do abono da interrompibilidade, pero como queira que o Tribunal Europeo da Defensa da Competencia advertiu que ese sistema para ser admitido, tiña que estar aberto a tódalas empresas, e non só ós grandes consumidores de enerxía eléctrica; foi necesario acudir ó sistema de poxa, aberto a tódalas empresas.

Visto o ocorrido na primeira poxa, resulta evidente que é necesario estudar outro sistema que garanta a estabilidade dos prezos da enerxía a máis longo prazo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo vinte horas, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo